

# Lembranza madrileña de Ben-Cho-Shey

Pasaron dez ou doce anos. Ben-Cho-Shey daba clases de galego todos os domingos pola mañá no “Club de Amigos de la UNESCO”, instalado no primeiro piso da madrileña praza de Tirso de Molina. Daquel entón saíron moitas cousas. Por exemplo, unha multicopiada “Carta ao Cardenal, bispos e cregos de Galicia” sobre a necesidade de empregar o galego na liturxia. Creo lembrar que o seu principal artífice e redactor fora Bautista Álvarez. Sairon tamén panfletos, manifestos e os primeiros auto-colantes que convertiron a moitas cidades do noso país nun Viva Galicia (ou dicían “Galiza?”). *ceibe e socialista*. Ninguén podía negar que por aquí hai que rastrexar os comezos da U.P.G. (Dicíase entón “upegué”, non “upegá”) e do seu boletín “Terra e Tempo”, cuxo primeiro número saíu en 1965. A Ferrín xugabao o T.O.P. Era a primeira vez que nas Salesas se pronunciaban, de xeito oficial e acusatorio, as siglas U.P.G. Polo mesmo banquillo pasaba, cunhas semanas de diferenza, Alberto Mínguez, acusado de propaganda ilegal en virtude da difusión clandestina en España do libro “O pensamento político de Castelao”, do que el era antólogo e prologuista. Defendera a Mínguez, o avogado vigués Valentín Paz Andrade.

Raimundo Patiño expuxera á consideración pública a súa teoría plástica do politexturalismo. Vivía nunha rúa do Paseo de Extremadura na que faciamos longas tertulias dominicais os seus amigos do Club de la UNESCO. Tanto como Patiño –mais tan diferente a como Patiño– pintaba Xavier Pousa. Alexandre Cribeiro cara facía máis versos que películas. Lois Diéguez e Vicente Vázquez Diéguez –que todavía non casara con Pilar Allegue– escribía novelas. Madrid estaba tomado por Galiza.

“Brais Pinto” –hai que buscar a súa orixe na Asociación de la Prensa de Vigo, cousa que non moita xente sabe– case non era. Non se falaba todavía de “nacionalistas” e “sucursalistas”, pero as vinculacións políticas comezaban a separar a uns e a outros. Novo-



Fragmento do cuadro “Castrelo de Miño”. Cadro pintado por Raimundo Patiño no 1968, técnica mixta sobre contrachapado

neira atopara un pequeno traballo en televisión: o seu programa “Poesía en Compostela” pechaba as emisións do día. Por aquela época fixemos un “Signo” –o semanario dirixíao Rafael González e pechouno Fraga– adicado a Galiza. Saíu un par de días antes do tristemente célebre referendo do 66. “La juventud dialogará en serio”, tituláramos a obrigada editorial sobre o tema. Andaba por Madrid un rapaz lucense Xan Teixeira Conde, que meses despois ía ser xulgado no consello de guerra sumarísimo. Todavía cumpre condena no penal de Xaén (e a progresía sen se enterar). Da oscurantista Universidade española botaran a Tierno (que era amiguete de Soares), Aranguren, Montero Díaz (un dos tres niños bonitos de El Ferrol, xunto con Torres Ballester e Carvalho Calero) e García Calvo. “Todo lo que esperas no lo verás” escribía poucos anos o entón catedrático de latín da Complutense, nunha confesión de escepticismo ben distante da euforia optimista daquela

época. Alí, na mesma Complutense, nunha confesión de escepticismo ben distante da euforia optimista daquela época. Alí, na mesma Complutense, cantaba Raimón antes de enmudecer até o postfranquismo. Cando se inauguraba a Feira do Libro –primeiro en Recoletos e despois no Retiro– vendiamos o fondo bibliográfico de “Galaxia” (non había moito máis do que botar man), nunha caseta pequena que rexentaba Ben-Cho-Shey.

Si, detrás de todos aqueles días, animando aquela Galiza desterrada en Madrid, sempre estaba Ben-Cho-Shey.

Pola súa casa da Rúa Martín de los Heros pasamos todos os galegos que soñabamos –vana ilusión tantas veces– en converter o noso vocerío iracundo e folclórico nun compromiso eficaz para o noso país. Detrás de Galiza estivo sempre Ben-Cho-Shey. Os que puidemos aprender del tantos sacrificios, sentímonos agora irremediábelmente frustrados, pero entrañabelmente agradecidos ■